

## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ENTROIDO 2022 DO CONCELLO DE VIVEIRO.**

O Concello de Viveiro, consonte o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o martes de Entroido, con motivo da celebración do desfile de Entroido, establece as normas reguladoras de participación, axudas económicas e premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúese como obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de Entroido organizado polo Concello de Viveiro.

#### **SEGUNDA.- CATEGORÍAS**

Establécense as seguintes categorías:

Categoría adultos: carrozas, comparsas, grupos, parellas e individual.

Categoría infantil: individual, parellas e grupos

Para estes efectos, entenderase carroza como vehículo de tracción mecánica, con plataforma e un mínimo de catro participantes.

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo.

Os participantes poderán inscribirse unicamente nunha categoría: carrozas, comparsas, grupos, parellas e individual.

A documentación a presentar no rexistro municipal, será a seguinte:



## 1.- Particulares

- Ficha de inscrición establecida ao efecto.
- Copia do DNI do concursante ou titor, para o caso de menores de idade.
- Certificado expedido pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma, tendo en conta que a titularidade ten que estar ostentada polo participante ou titor, para o caso de menores de idade.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## 2.- Asociacións legalmente constituídas e grupos ocasionais

- Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e DNI do representante do grupo.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**O prazo de inscrición para o desfile é do 17 a o 27 de febreiro de 2022.**

## CUARTA.- NORMAS DO DESFILE

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

- Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado pola organización do desfile.
- Gardar a orde de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre os participantes.
- Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes
- Se os participantes se acompañan de calquera tipo de dispositivo ou artefacto, deben velar en todo momento pola seguridade dos demais participantes e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.
- Non está permitido participar no desfile con animais.
- Non se permiten representacións de carácter obsceno que poidan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.
- É imprescindible ir ataviados co disfrace no momento da entrega de premios, que se efectuará ao remate do desfile



## QUINTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto, como mínimo, por tres membros designados pola organización do concurso.

A decisión do xurado é inapelable e poderá declarar deserta algunha das categorías dos premios.

## SEXTA.- PREMIOS E AXUDAS

Os premios establecidos neste artigo outorgaranse mediante moneda de curso legal, que poderan recoller no propio Concello.

Os premios para cada unha das categorías son os seguintes:

ADULTOS:

CARROZAS	GRUPOS	COMPARSAS CON MÚSICA
1º PREMIO: 700 € 2º PREMIO 500 € 3º PREMIO 300 € 4º PREMIO 200 €	1º PREMIO 300 € 2º PREMIO 250 € 3º PREMIO 200 € 4º PREMIO 100 €	1º PREMIO 300 € 2º PREMIO 250 € 3º PREMIO 200 € 4º PREMIO 100 €
PARELLAS	INDIVIDUAIS	
1º PREMIO 100 € 2º PREMIO 80 € 3º PREMIO 60 € 4º PREMIO 40 €	1º PREMIO 80 € 2º PREMIO 60 € 3º PREMIO 50 € 4º PREMIO 40 €	AO HUMOR: 100 €  AO ORIXINALIDADE: 100 € Donados polo Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro.

INFANTIL:

INDIVIDUAIS	PARELLAS	GRUPOS
1º PREMIO 80 € 2º PREMIO 60 € 3º PREMIO 50 € 4º PREMIO 40 €	1º PREMIO 100 € 2º PREMIO 80 € 3º PREMIO 60 € 4º PREMIO 40 €	1º PREMIO 300 € 2º PREMIO 250 € 3º PREMIO 150 € 4º PREMIO 100 €

Establécese, ademais, unha axuda especial por importe máximo de 200 €, que se concederá a cada unha das carrozas participantes no desfile, para poder obter a dita axuda, teñen que estar inscritas no prazo establecido.

## SÉTIMA .- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías, facendo se entrega dos



premios correspondentes, unha vez tramitado o expediente que corresponda, emitíndose xustificante da referida entrega.

## **OITAVA.- ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

## **NOVENA.- PROTOCOLO COVID**

Deberá cumprirse co protocolo covid que se aprobe para evento por parte do concello, que sera oportunamente publicado.

A celebración deste desfile estará suxeito á evolución da pandemia e o seu desenvolvemento poderá verse modificado parcial ou totalmente para dar debido cumprimento ás medidas e protocolos que as autoridades competentes vaian definindo.

